



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE MARZO DE 2018

FAVORABLES.-

LIC/185/2017.- JOSÉ BARREIRO PÉREZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar A Sionlla – Sabugueira 21 C.

LIC/1990/2017.- MERCADONA, S. A.- Conceder licenza para a instalación de muelle de descarga en supermercado de alimentación sito na rúa Eslovenia nº 5.

LIC/584/2017.- ANTONIO IVAN GARCÍA NOVAIS.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa do Carmen de Abaixo nº 13.

DESFAVORABLES.-

LAP/215/2017.- HOTEL CORCOVADO, S. L.- Inadmitir o recurso de reposición presentado contra o acto de notificación de data 06/06/2017 da suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas para autorización de novos establecementos hoteleiros no ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da cidade histórica por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/11/2016.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar A Sionlla - Sabugueira 21 C. LIC/185/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación de muelle de descarga en supermercado de alimentación sito na rúa Eslovenia nº 5. LIC/1990/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa do Carmen de Abaixo nº 13. LIC/584/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á inadmisión do recurso de reposición presentado contra a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas para autorización de novos establecementos hoteleiros no ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da cidade histórica por acordo da sesión de 25/11/2016. LAP/2015/2017. Apróbase a proposta.

6.- Aprobación do proxecto de Regulamento de funcionamento interno do consello municipal de cooperación e solidariedade. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación "Aposta por ti, Aposta polo teu barrio", para a tramitación da súa aprobación

perante o Ministerio de Facenda. Acórdase seleccionar a operación “Aposta por ti, Aposta polo teu barrio” para a súa incorporación á EDUSI por parte do Ministerio de Facenda. O proxecto ten un orzamento de 464.997,37 euros, dos que 371.997,90 procederían de fondos FEDER.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto básico e de execución de reforma do parque infantil da praza da Constitución. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 348.899,01 euros, e un prazo de execución de catro meses.

URXENCIAS

1.-Devolución de fianzas. Apróbase a proposta.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de subministro de prendas de uniformidade da Policía Local de Santiago. LOTE A: Prendas de confección a medida, LOTE B: Complementos, LOTE C: Calzado, LOTE D: prendas para a auga. Adxudícase o contrato de referencia a favor das seguintes empresas:

_LOTE A: Danner Boots SL, por un importe de 35.960,01 euros, IVE incluído

_LOTE B: Peycar Pontevedra SL, por un importe de 34.361,94 euros, IVE incluído

_LOTE C: El Corte Inglés SA, por un importe de 10.758,85 euros, IVE incluído

_LOTE D: Danner Boots SL, por un importe de 1.292,28 euros, IVE incluído

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á substitución de avais derivada do cambio de titularidade da explotación en réxime de concesión do aparcamento soterrado da Praza de Vigo. Autorízase o depósito dun aval bancario pola cantidade de 22.500 euros a nome da entidade Garaje Cervantes 37 para responder do cumprimento das obrigas derivadas da xestión do aparcamento soterrado da praza de Vigo, e autorízase a retirada do aval constituído no seu día pola mesma cantidade e co mesmo obxectivo polo anterior titular da xestión, Aparcamientos Sar SL.